

## Acta da Asamblea Xeral Extraordinaria da FGT celebrada o 25 de Setembro do 2010.

Asisten:

1. Casino Sporting Coruña – José González Freire
2. CC Dtivo. De Sanxenxo – Eusebio Novás Hay
3. CD Universidade de Vigo – Laura Comesaña Comesaña
4. Club de Tenis Villalbes – Paco Hernández Soto
5. Club de Tenis Cidade de Lugo- Manuel José Alvarez López
6. Club de Tenis Rúa- José Mosquera Casero
7. Complexo Bamio- Manuel Sampedro Casalta
8. C.Dtivo Dereito Empresariais- Julio Cesar Rodríguez González
9. D. José L. Ameneiro Valle
10. D. Fernando Rey Tapias
11. D. Camilo Villar Castro
12. D. José M<sup>a</sup> Fariñas Cid
13. D. Alejandro Soto Curto

Sendo as 11:30 horas do 25 de Setembro do 2010 reúnese a Asemblea Xeral da Federación Galega de Tenis con carácter extraordinario coa presenza dos señores anteriormente relacionados, actuando como Presidente o da Federación, D. José Luis Ameneiro Valle, asistido pola Secretaria da mesma D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Fernández García e a Xurídica federativa, D<sup>a</sup> Marta Landesa Santorio e con arreglo o seguinte **Orde do Día**:

**1º-** Aprobación do regulamento electoral para a elección a membros da Asemblea Xeral, Presidente e Comisión Delegada da Federación Galega de Tenis no ano 2010.

**2º.-**Delegación, no seu caso, pola Asemblea Xeral na Xunta Directiva da facultade de aprobación e realización das modificacións do regulamento electoral que sexan indicadas pola Secretaría Xeral para o Deporte, sen necesidade de novo sometemento á aprobación da asemblea xeral.

**3º.-** Designación dos membros da Xunta Electoral.

O Presidente declara constituída a Asemblea en segunda convocatoria coa asistencia de 13 membros.

**Punto 1.** Aprobación do regulamento electoral para a elección a membros da Asemblea Xeral, Presidente e Comisión Delegada da Federación Galega de Tenis no ano 2010.

O Presidente cede a palabra a D<sup>a</sup> Marta Landesa quien recorda aos asistentes que xunto a convocatoria achegouselles unha copia da proposta do regulamento de referencia e que agora sometese a aprobación dos membros desta Asemblea Xeral, que é aprobado por unanimidade. Faise constar a disconformidade desta Asamblea cos seguintes artigos da Orde:

*Art. 11* no referente aos criterios sinalados para a determinación dos clubs natos.

*Art. 6* en canto que so permite constituir unha única mesa electoral por cada circunscrición, dificultando o exercicio do sufraxio de aqueles electores que residen en provincias diferentes a aquelas nas que se ubica a mesa.

*Art. 15* no referente a exclusión da posibilidade de que presente candidatura a Presidente da Federación calquera persoa física que intervenga en representación dun club membro da Asemblea Xeral.

**Punto 2.-** Delegación, no seu caso, pola Asemblea Xeral na Xunta Directiva da facultade de aprobación e realización das modificacións do regulamento electoral que sexan indicadas pola Secretaría Xeral para o Deporte, sen necesidade de novo sometemento á aprobación da asemblea xeral.

Aprobase por unanimidade.

**Punto 3.-** Designación dos membros da Xunta Electoral.

D<sup>a</sup> Marta Landesa recorda aos asistentes que xunto coa convocatoria se lles remitiu un documento explicativo sobre a composición da xunta electoral, a designación dos seus membros e funcións da mesma. A continuación solicita aos asistentes que presenten, no seu caso, as candidaturas para formar parte da Xunta Electoral.

Presentanse como candidatos as persoas que a continuación se relacionan e que segundo os datos que obran en poder desta Federación reúnen os requisitos esixidos ao efecto:

- Pablo Leiro Domínguez
- Jesús Álvarez López
- Francisco Hernández Soto
- Fabián Fernández Castro
- Julio Cesar Rodríguez González

Segundo o previsto no artigo 5º da nomeada Orde de 8 de Setembro de 2010 procedese a realizar o sorteo para a designación dos membros da Xunta Electoral, resultando o seguinte:

Titulares:

1º Francisco Hernández Soto

2º Julio Cesar Rodríguez González

3º Pablo Leiro Domínguez

Suplentes:

1º Jesús Álvarez López

2º Fabián Fernández Castro

De acordo coa normativa vixente deben ser 3 os suplentes de forma que o Presidente propón para este cargo a:

3º Antonio Landesa Miramontes

Rematada a reunión a Secretaria procede a dar lectura en voz alta da Acta na que se recollen os acordos adoptados na mesma e posteriormente sométese este documento á aprobación dos asistentes, que se aproba por unanimidade.

Todo o que como Secretaria certifico co Visto e prace do Sr. Presidente.

Vº e Prace

José L. Ameneiro Valle  
Presidente Federación Galega de Tenis

M<sup>a</sup> Jesús Fernández García  
Secretaria